

Porto Rico e EEUU: unha relación anacrónica

Ángel Israel Rivera Ortiz

Un problema de definición: Porto Rico non goza aínda dun status político de auténtica libre asociación

Cando o *Lehendakari* Juan José Ibarretxe puxo de exemplo a Porto Rico ao falar dun estatuto de libre asociación con España para o País Vasco, non pisaba sobre terreo firme. A actual relación entre Porto Rico e Estados Unidos, iniciada formalmente en 1952 coa proclamación dunha comunidade autónoma portorriqueña, chamada en inglés *Commonwealth of Puerto Rico* e coñecida en idioma castelán como o “Estado Libre Asociado de Porto Rico” (ELA), non corresponde realmente a unha auténtica libre asociación con soberanía propia. Non se axusta, nos seus aliñamentos esenciais, ao concepto da libre asociación que a Organización das Nacións Unidas (ONU) aceptou como unha solución descolonizadora mediante resolucións da Asemblea Xeral tales como a 1.541 (XV) de 1960 e a 2.526 (XXV) de 1970.

Pola contra, o proceso transcorrido entre 1950 e 1952 deixou a Porto Rico cun status político aínda territorial. É dicir, pese á denominación oficial de Estado Libre Asociado, Porto Rico continúa nun status de subordinación á soberanía estadounidense e, por conseguinte, aos poderes recoñecidos ao Congreso pola Constitución americana para rexer sobre todo o territorio estadounidense e sobre todo territorio propiedade do goberno federal dos Estados Unidos.

Como se sabe, Porto Rico, a fins da última década do século XIX, chegara a constituírse como unha provincia española de ultramar, cun goberno interno rexido por unha Carta Autonómica. Este documento, preparado polo Ministro de Ultramar Moret para Práxedes Mateo Sagasta, se ben deixaba aínda a rama executiva do goberno interno da nosa illa en mans dun gobernador español nomeado pola Coroa, instituíu un Parlamento Insular, maiormente de elección popular, e con ampla participación portorriqueña.

Os portorriqueños, baixo a Carta Autonómica española, gozaron dun importante papel na administración dos seus asuntos, tanto no parlamento da illa coma no Gabinete do Gobernador. E chegaron a ter 16 deputados nas Cortes Españolas aínda antes de aprobada a Carta Autonómica (García Ochoa, 1984). Como consecuencia da Guerra Hispanoamericana-Cubana de 1898, Estados Unidos esixiu ao goberno español a cesión a Estados Unidos da soberanía sobre Porto Rico. O Tratado de París, ratificado en 1899 por ambas partes sen consulta algunha ao pobo de Porto Rico, determinou que a condición política e os dereitos civís dos habitantes das illas que conforman o arquipélago portorriqueño (Vieques, Cule-

bra e outras illas menores, ademais da Illa Grande de Porto Rico) ficarían decididos polo Congreso. (Trías Monge, 1997).

Durante os anos 1898-1900, Porto Rico viviu baixo un réxime militar estadounidense e, en 1900, púxose en vigor a primeira lei orgánica territorial de Estados Unidos, a “Lei Foraker”. Esta lei, primeiro intento do Congreso de cumprir coa responsabilidade que lle asignara o Tratado de París, deixaba a maior parte do control do goberno civil creado para Porto Rico en mans dos estadounidenses. A participación portorriqueña era mínima e subordinada. O Congreso creou en 1900 un corpo político territorial baixo a soberanía de Estados Unidos chamado “People of Puerto Rico” e os habitantes do arquipélago foron denominados “cidadáns de Porto Rico”. A representación dos portorriqueños no Congreso federal estadounidense estivo limitada desde entón a un Comisionado Residente con asento e voz na Cámara de Representantes en Washington pero sen voto.

Como resultado das loitas portorriqueñas a prol dun goberno propio e do incremento do sentimento independentista no noso país, o Congreso aprobou en 1917 a “Lei Orgánica Jones”. Mediante esta lei, o Congreso estendeu a cidadanía de Estados Unidos a todos os habitantes de Porto Rico e a quen nacera nas nosas illas de aí en diante. Ademais, outorgou aos habitantes o dereito a controlar totalmente a lexislatura insular xa que, de aí en diante, sería electa na súa totalidade polo pobo. Non obstante, mantivo o poder do Congreso de anular calquera lei aprobada pola lexislatura portorriqueña que non fora do seu agrado e someteu a lexislatura á posibilidade dun dobre veto: un do gobernador estadounidense residente en San Juan e outro do presidente en Washington. A metrópole reservou para si o control da rama executiva do goberno interno de Porto Rico, que continuou dirixido por un gobernador estadounidense nomeado polo presidente de Estados Unidos, co consello e consentimento do Senado federal. (Ramos de Santiago, 1984).

As loitas dos partidos políticos portorriqueños a favor dun gobernador elixido polo pobo e da plena autonomía ou total control do goberno interno de Porto Rico polos naturais do país, a axitación independentista no Partido Liberal e no máis radical Partido Nacionalista durante as décadas de 1930 y 1940, así como tamén as presións internacionais a favor da descolonización que se intensificaron á fin da Segunda Guerra Mundial en 1945, fixéronse sentir no Congreso. Como consecuencia, este lexisloun en 1947 a Lei coñecida como Crawford-Butler, co obxectivo de conceder a elección popular do gobernador e, en 1950, aprobou unha Lei 600 para permitir aos portorriqueños constituír unha Comunidade autónoma, o *Commonwealth*.

Isto significa que o goberno interno de Porto Rico pasou a mans dos habitantes do país case totalmente en 1948 e que, entre 1950 e 1952, o proceso oficializouse coa proclama da Constitución do Estado Libre Asociado. Esta Constitución, sen embargo, non foi a dun estado soberano portorriqueño libremente asociado a Estados Unidos. Tampouco cumpriu co requisito da libre asociación definida pola ONU en 1970 mediante a Resolución 2.526 (XXV) en canto que o pobo asociado debe poder facer a súa propia Constitución sen intervención externa. A Constitución de Porto

Rico de 1952 non foi senón un texto subordinado á Constitución federal estadounidense pero sen que Porto Rico fora tampouco admitido como un estado dentro do federalismo estadounidense. (Rivera, 2001) (Nieves, 2004).

Para comprender isto é preciso coñecer que o Tribunal Supremo de Estados Unidos, mediante decisións xudiciais en varios casos insulares, ditaminou desde principios do século XX que Porto Rico, ao igual que as illas Filipinas que posteriormente se independizaron de Estados Unidos, tiña un status político denominado “territorio non incorporado”. O Tribunal Supremo estadounidense definiu un territorio non incorporado como unha posesión territorial de ultramar de Estados Unidos, suxeita á soberanía estadounidense, e, polo tanto, propiedade de Estados Unidos desde o punto de vista internacional, pero que no sentido nacional ou interno non se lle considera parte integrante de Estados Unidos, do seu ordenamento federal interno.

A frase explicativa máis comunmente citada é a que sinala que Porto Rico “pertence a pero non é parte de Estados Unidos de América”⁽¹⁾. Por conseguinte, non todas as cláusulas da Constitución estadounidense serían aplicables a Porto Rico. Por exemplo, no lugar de estender a Carta de Dereitos da Constitución de Estados Unidos a Porto Rico, a Lei Jones de 1917 incluíu unha Carta de Dereitos especial para as illas. E, por suposto, como o dereito a elixir ao presidente de Estados Unidos é un que na Constitución americana confire aos estados federados, e o dereito a ter representación no Congreso é igualmente un dereito recoñecido aos estados membros da federación, polo mesmo feito de Porto Rico non ser un estado federado, os portorriqueños residentes nas illas quedamos definitivamente excluídos de participación nos procesos electorais do goberno federal estadounidense. E iso aconteceu pese a que ese goberno federal tiña, e ten aínda hoxe, amplos poderes para tomar decisións obrigatorias e aplicalas a Porto Rico.

Este déficit democrático demostra que Porto Rico viviu baixo un réxime colonial ou territorial do imperialismo estadounidense de comezos do século XX, incluso despois da creación do “Estado Libre Asociado”⁽²⁾. Polo tanto, a peculiaridade da relación de Porto Rico con Estados Unidos estriba tan só en que, a diferenza doutros modelos territoriais ou coloniais, a metrópole non ten en Porto Rico un funcionario federal único que limite o poder de acción do gobernador electo polo pobo. Os poderes do gobernador, sen embargo, si están limitados pola súa propia condición de ser o xefe do goberno dunha comunidade autónoma que non é soberana e cun xefe de Estado que é aínda o presidente de Estados Unidos.

Por outra banda, o Congreso estadounidense non legisla xa sobre a estrutura do goberno interno de Porto Rico, pero si o fai sobre aspectos da vida cotiá dos portorriqueños: desde os asuntos monetarios, as taxas de interese e o control sobre a entra-

(1) Palabras do xuíz presidente Taft no caso “Balzac vs. People of Porto Rico”, *Decisiones do Tribunal Supremo de Estados Unidos*, 1922.

(2) Esta situación de déficit democrático foi recoñecida por líderes importantes do “estadoliberalismo portorriqueño”, por exemplo Rafael Hernández Colón, gobernador de Porto Rico polo Partido Popular Democrático entre 1973 e 1976 e entre 1985 e 1992.

da e saída de estranxeiros do territorio portorriqueño, ata a determinación sobre a idade á que se permite venderlles tabaco aos mozos do país. Se ben é certo que o Congreso tampouco ten hoxe o poder de anular as leis aprobadas pola lexislatura portorriqueña, toda lei federal aplicable a Porto Rico prevalece nos tribunais ante calquera lei portorriqueña que estipule o contrario. Así, a decisión do Tribunal Supremo de Estados Unidos no caso *Roe vs. Wade* de permitir abortos durante os primeiros tres meses de embarazo, fixo obsoleta e inaplicable nos tribunais de Porto Rico a lei portorriqueña de prohibición do aborto.

Ningún outro exemplo é máis evidente sobre como as leis do Congreso prevalecen en noso país sobre a lexislación autóctona que o das novas leis federais que esixen a aplicación da pena de morte aos declarados culpables de certos delitos. É así porque a Constitución de Porto Rico de 1952 di claramente que en Porto Rico “non existirá a pena de morte”⁽³⁾. Isto significa que unha simple lei federal do Congreso estadounidense prevalece non só sobre as leis da lexislatura portorriqueña, senón tamén sobre a Constitución de Porto Rico, un documento aprobado polo propio Congreso estadounidense en 1952.

É importante examinar, con algún detemento, o proceso que deu paso á creación do Estado Libre Asociado para comprender que realmente ocorreu entre 1950 e 1952. Á altura de 1950, ante tantas presións portorriqueñas a favor dunha maior autonomía política, e ante a marea internacional descolonizadora, Estados Unidos fixo unha manobra xurídica astuta que daba a impresión de executar un proceso descolonizador. Deu esa impresión porque utilizou o vocábulo de *compact* ou “convenio”, xunto con algúns elementos de bilateralidade no proceso. Non obstante, o cambio realizado, no fondo e na práctica, resultou ser produto dun proceso esencialmente unilateral que, ademais, non cambiou en absoluto a natureza de Porto Rico como “territorio non incorporado”.

A lei 600, redactada no Congreso en 1950 como Proxecto 3.336, expoñía desde o comezo que o Congreso viñera concedendo a Porto Rico crecentes medidas de goberno propio e que, en recoñecemento do principio do goberno por consentimento dos gobernadores, lexislaba agora para permitir aos portorriqueños facer unha Constitución para a súa propia comunidade política interna. A propia Lei 600 puxo como requisito para a súa aprobación polo Congreso que o seu texto fora previamente sometido ao pobo de Porto Rico e aprobado por este nun referendo. E así ocorreu. Aínda que a suma de abstención e dos votos polo “non” excederon entón a quen votou polo “si”, a Lei 600 aprobouse⁽⁴⁾. De acordo coas formalidades democráticas, como se sabe, os abstencionistas non contan. Ademais, só se requiría pluralidade de votos ou “maioría simple” para dala por aprobada. Pero ¿qué aprobaron os portorriqueños en 1950?

(3) *Constitución do Estado Libre Asociado de Porto Rico*, Artigo II, Sección 7.

(4) Dun total de 777.675 votantes inscritos, participaron 506.185, o el 65,08%. Se abstiveron 271.490 electores hábiles. Votaron a favor da Lei 600 387.016 electores e en contra 119.169. Os abtidos e os votos en contra sumaron 390.659. Fonte: RAMOS DE SANTIAGO, Carmen: *O goberno de Porto Rico*, San Juan, Editorial Universitaria, 1984, p123.

Dise que a Lei 600 foi unha manobra política astuta de Estados Unidos xustamente porque dita lei se compuña de dúas partes, de dúas cláusulas principais. A primeira concedía aos portorriqueños, “coa natureza dun convenio”, o control do goberno interno de Porto Rico. Dito goberno rexeríase en diante por unha Constitución portorriqueña e non por unha lei orgánica do Congreso como ocorrera entre 1900 e 1951. Implicitamente, o Congreso comprometeuse a non legislar no futuro sobre o goberno interno de Porto Rico porque iso quedaría estatuído na Constitución. Sen embargo, o Congreso si puxo condicións de antemán á Constitución portorriqueña: tiña que crear un goberno con forma republicana, debía conter unha Carta de Dereitos, ser compatible coa Constitución de Estados Unidos e recibir aprobación tanto do Congreso como do presidente, ademais de por unha maioría dos votantes de Porto Rico.

A segunda cláusula da Lei 600 estipulaba que todos os artigos da Lei Orgánica Jones de 1917 que non tivesen que ver co goberno interno das illas quedarían vixentes co novo nome de *Federal Relations Act* ou Estatuto de Relacións Federais con Porto Rico.

Isto significou dúas cousas:

(1) se os portorriqueños votaban a favor da Lei 600, como ocorreu, estarían dando o consentimento expreso aos poderes soberanos de Estados Unidos sobre Porto Rico porque todas as cláusulas da Lei Jones que quedarían vixentes no Estatuto de Relacións Federais tiñan que ver con eses poderes e con aspectos tales coma a prohibición imposta a Porto Rico desde 1900 de facer tratados comerciais con outros países, a obriga de Porto Rico de utilizar barcos de matrícula estadounidense para transportar mercancías dende e cara Estados Unidos, a obriga de usar o dólar como moeda e o poder continuado do Congreso para aplicar a Porto Rico aquelas leis estatutarias de Estados Unidos que dito corpo non considerase inaplicables a Porto Rico. Noutras palabras, ao votar a favor da Lei 600, os portorriqueños outorgaban o seu consentimento á continuada condición política de subordinación territorial á soberanía de Estados Unidos. A base de lexitimidade do poder de Estados Unidos sobre Porto Rico deixaba así de ser unicamente a de París de 1899 para ser agora tamén o consentimento do pobo portorriqueño. (Rivera, 2001) (Nieves, 2004);

(2) Estados Unidos enganou aos portorriqueños ao chamarlle “Estatuto de Relacións Federais” a unha nova lei que regulamentaba os poderes de Estados Unidos sobre Porto Rico. Foi así posto que, ao crearse a nova relación, Porto Rico non ingresou como un novo estado federado na Unión, razón pola que a nova relación non foi realmente unha de carácter federativo, ou federal, senón que continuou como unha relación territorial ou colonial. En ningunha teoría federalista nin en ningún arranxo federal coñecido é posible que unha das unidades federalizadas pertenza á federación unicamente para obedecer as leis do goberno central federal pero non teña participación algunha, como unidade federada, nos procesos decisorios dese mesmo goberno. Esa é, sen embargo, a situación actual de Porto Rico. A interpretación correcta do nome “Estatuto de Relacións Federais”, polo tanto, debe ser que esta é a lei que rexe

as relacións entre o Goberno Federal estadounidense e un dos seus territorios non incorporados: Porto Rico. Non significa, polo tanto, que se crease en 1952 unha nova relación “federal” entre Porto Rico e o resto dos estados da Unión Americana, nin un novo espazo político como o que define Gagnon. (Gagnon, 1993).

De feito, cando o presidente Truman proclamou a Constitución da *Commonwealth* portorriqueña en 1952 referiuse ao feito de que os dous pobos, un grande e outro pequeno, deran unha lección de democracia ao mundo ao acordar libremente unha relación mutuamente beneficiosa (Fernández, 1996). A linguaxe utilizada foi en todo momento a dunha relación “de país a país” e non outra que expresara a integración de Porto Rico na estrutura federal interna de Estados Unidos.

Mestres como foron da prestidixitación lingüística os dirixentes imperialistas de Estados Unidos, non é de estrañar que denominaran “de Relacións Federais” a unha lei de relacións coloniais mediante a que mantiñan intactos os seus poderes soberanos sobre Porto Rico a pesares de delegarnos certo nivel de autonomía interna. A frase, evidentemente ambigua, podería ter, como se viu, dous significados diferentes. Do mesmo xeito, a Lei 600 fíxose “coa natureza dun convenio” pero de ningunha maneira se aclarou que fora este un pacto entre dous soberanos, un verdadeiro convenio ou tratado con validez internacional. E cando Estados Unidos solicitou da ONU en 1953 que se lle eximise de enviar informes anuais sobre o desenvolvemento económico, político e social dos habitantes de Porto Rico, o embaixador de Estados Unidos alegou ante a Asemblea Xeral de dita organización internacional que Porto Rico, en 1952, constituíra unha “comunidade politicamente autónoma” que na esfera da súa Constitución e “dentro dos termos do acordo concertado con Estados Unidos” fora investida “de atributos da soberanía política” (Asemblea Xeral, 1953).

Con esta frase chegamos ao colmo tanto da linguaxe sinuosa como da ambigüidade. Non declarou Washington que Porto Rico fora recoñecido como estado soberano, nin solicitou tampouco da ONU a admisión de Porto Rico á súa Asemblea Xeral en calidade de “estado soberano libremente asociado”, como si o fixo tres décadas máis tarde, cando concertou os tratados de libre asociación cas Illas Marshall e coa Micronesia. Tampouco chamou a Porto Rico *Free Associated State* en idioma inglés senón *Commonwealth* que, como se sabe, significa, na tradición anglosaxona, unha comunidade política autónoma que non é soberana. Aínda así, Estados Unidos insistiu ante a ONU no concepto de que esa comunidade política autónoma fora investida “de atributos da soberanía política”.

Se algunha vantaxe teñen as Comunidades Autónomas (CCAA) de Galicia, Cataluña e o País Vasco dentro do marco da Constitución española de 1978 e dos estatutos de autonomía, en comparación co caso de Porto Rico baixo a Constitución estadounidense, é que no caso español hai un recoñecemento formal das CCAA como entidades gobernamentais rexionais do Estado español. Ademais, a distribución de competencias entre o goberno central e os gobernos das comunidades está máis claramente definida. É, sen dúbida, unha condición política menos ambigua que a situación de Porto Rico dentro da soberanía estadounidense. Nin a *Commonwealth* portorrique-

ña, nin a das Illas Marianas do Norte, nin ningún outro entre os territorios non incorporados propiedade de Estados Unidos, está recoñecido como unidade territorial mencionada como tal na Constitución estadounidense.

Pola contra, a cláusula territorial de dita Constitución outórgalle poderes plenos ao Congreso sobre todo territorio que sexa posesión do Goberno Federal. A delegación dunha cantidade de autonomía interna, que varía de territorio a territorio, é un asunto totalmente discrecional para o Congreso, sen límites constitucionais de clase algunha. Na Constitución democrática española de 1978, en cambio, as CCAA teñen un lugar formal dentro do Estado español, e se ben os estatutos de autonomía admiten aínda maior amplitude e clarificación, non existe a situación descrita para os territorios ou posesións estadounidenses que non son estados federados pero que tampouco se axustan ao concepto de libre asociación con soberanía nacional propia que recoñece a ONU.

Un dos elementos máis controvertidos do proceso legal que deu lugar ao establecemento da *Commonwealth* ou Estado Libre Asociado de Porto Rico é que, anque Estados Unidos escenificou a bilateralidade, por exemplo ao requirir que o pobo de Porto Rico aprobase a Lei 600 para que esta tivese validez, e requirindo ademais o voto popular maioritario nas illas a favor da Constitución, o proceso foi, en definitiva, bastante unilateral. Próbao o feito de que foi iniciativa do Congreso de Estados Unidos e non do pobo de Porto Rico mesmo e próbao tamén que Estados Unidos non fixese dispoñíbel entón outras opcións políticas. Se os portorriqueños non aprobaran cos seus votos a Lei 600, e por conseguinte, tampouco redactaran unha Constitución para o goberno interno, o resultado previsto polo Congreso era manter a Porto Rico na súa condición territorial gobernada por unha Lei Orgánica do Congreso, tal e como ocorrera entre 1900 e 1951.

Dito doutra maneira, a oferta do Congreso aos portorriqueños en 1950 foi ao estilo do “*take it or leave it*” anglosaxón. Un “ou o tomas ou o deixas” sen posibilidade algunha de considerar outras opcións como a independencia, un estado federado ou unha verdadeira libre asociación soberana.

De feito, aínda que estivo oculto por moito tempo en documentos clasificados polo Goberno estadounidense como “segredos”, hoxe sabemos que foi a Mariña de Guerra de Estados Unidos a principal forza de poder que se opuxo a que o arranxo de 1950-1952 ofrecese a Porto Rico o recoñecemento da súa soberanía nacional. (Duprey Salgado, 2002). Para entón, Porto Rico era o principal bastión militar de Estados Unidos na zona do Caribe e un punto estratéxico importante desde o que protexer a Canle de Panamá, ademais dunha plataforma para as invasións estadounidenses a países da rexión. Hoxe, en cambio, perdido xa o control da Canle de Panamá debido á loita do pobo panameño pola soberanía sobre a zona da canle e desde que a loita do pobo portorriqueño da Illa-Municipio Vieques, obrigou igualmente á Mariña de Guerra de Estados Unidos a abandonar as súas instalacións de prácticas militares, Porto Rico perdeu o atractivo militar que tivo noutros tempos. En efecto, a base naval máis importante de Estados Unidos para a rexión do Caribe e América Latina, a *Roosevelt*

Roads, localizada no municipio oriental de Ceiba, foi desmantelada recentemente polo Goberno americano.

Diferenzas entre o caso portorriqueño respecto de Estados Unidos e o das nacionalidades históricas no contexto do Estado español

Pode resultar produtivo comparar a situación de Porto Rico na súa relación con Estados Unidos coa situación das nacionalidades históricas de España. As condicións políticas e constitucionais diferentes de España e Estados Unidos proporcionan circunstancias diferentes para Porto Rico na súa relación con Estados Unidos, dunha parte, e para Cataluña, Galicia e o País Vasco, dentro do marco español, da outra.

A libre asociación con soberanía propia é unha posible evolución natural do actual Estado Libre Asociado non soberano. En efecto, a libre asociación foi incluso prevista como opción posible para Porto Rico no “Proxecto Young” de 1998. Este proxecto de lei auspiciado pola Comisión de Recursos da Cámara de Representantes de Estados Unidos intentaba legislar un referendo en Porto Rico auspiciado polo Congreso no que os portorriqueños puideran optar por un cambio no seu actual status político. Aínda que non se aprobou finalmente no Senado estadounidense, o Proxecto Young si contou coa aprobación da Cámara de Representantes pola marxe dun só voto. Dito proxecto de lei propuña un camiño cara a integración plena de Porto Rico a Estados Unidos conducente a unha subseguinte admisión como estado federado e outro camiño interno cara a soberanía portorriqueña. Este último camiño quedou bifurcado no proxecto cara dúas opcións posibles: a independencia e a libre asociación soberana como a que teñen as illas do Pacífico.

Este tipo de proposta faise posible dentro do marco das relacións actuais entre Porto Rico e Estados Unidos xa que, como se dixo, a soberanía separada de Porto Rico non afecta nin viola os principios da Constitución estadounidense. Ademais, incluso a total independencia de Porto Rico tampouco implicaría unha violación contra o dereito de Estados Unidos á súa integridade territorial. É así xa que, como se dixo, o propio Tribunal Supremo estadounidense cualificou a Porto Rico, e a outros territorios tales como Guam e as Illas Virxes, como “territorios non incorporados”, como posesións de ultramar que non fan parte do seu territorio nacional esencial.

No caso de España, en cambio, o Plan Ibarretxe para o País Vasco foi descualificado polo propio parlamento nacional en virtude do criterio maioritario segundo o cal dito plan viola compromisos esenciais do pacto constitucional democrático de 1978. Así, os principais partidos políticos españois entenden que unha libre asociación con soberanía nacional separada para o País Vasco, ou para calquera outra Comunidade Autónoma, é anticonstitucional.

Ó mesmo tempo, desde o punto de vista da ONU e da Unión Europea (UE), o dereito á autodeterminación dos pobos vasco, catalán e galego, si se exercese con vontade de independencia política, entraría en conflito con outro dereito importante

que reconece a Carta da ONU: o dereito de todos os estados membros á súa integridade territorial. A soberanía separada do País Vasco ou de calquera das outras nacionalidades, aínda dentro do concepto de libre asociación, significaría o desmembramento de porcións territoriais tradicionalmente reconecidas como partes esenciais do territorio do Estado español. Algo similar ocorrería en Italia se os separatistas do norte estableceran un estado soberano aparte, a Padania.

Estas diferenzas fan, por outro lado, que mentres a solución federal pode ter moita lóxica en España como modo de ampliar a autonomía das CCAA, no caso de Porto Rico respecto de Estados Unidos a mesma resulta moi problemática. Emendar a Constitución española para crear unha nova Constitución federal, mediante a que lles sexan reconecidas máis amplas competencias ás CCAA, e por medio da que se estableza un Senado como cámara lexislativa de representación rexional para representar a cada unha das CCAA, algo similar ao Senado estadounidense ou ao Bundesrat alemán, foi algo proposto xa por algúns sectores de opinión en España porque, para o caso español, unha España federal non desmembraría o territorio do Estado, ao mesmo tempo que permitiría unha maior autonomía e un maior poder no goberno central para as CCAA (Guibernau, 1995) (Pi Ayanz, 1999) e é que a España democrática de hoxe non é tan dificilmente adaptable a un federalismo multinacional como ocorrería no caso de Estados Unidos.

En España é evidente que amplos sectores políticos reconecen que hai que respectar “o feito diferencial” e que un Estado español fortemente unido non ten por que ser incompatible coa celebración dos nacionalismos rexionais. Os anos de ditadura franquista non lograron destruír o “feito diferencial” nin a realidade de que España é un Estado basicamente plurinacional.

Estados Unidos de América, en cambio, non o é e non parece querer selo. Aínda que como consecuencia das súas políticas imperiais os estadounidenses tiveron que aceptar unha crecente marea de inmigrantes doutras culturas e nacionalidades, Estados Unidos de América segue sendo máis un estado-nación anglosaxón e relixiosamente protestante que un estado multinacional (Huntington, 2004). As minorías étnicas e lingüísticas en Estados Unidos non dominan nin en poboación nin nas estruturas do poder político nin económico ningunha rexión en particular nin ningún dos cincuenta estados federados.

O caso de Porto Rico é distinto. Ao non optar os estadounidenses por establecer unha colonia de poboación americana en Porto Rico, unha maioría ampla dos case 4 millóns de habitantes que ten o país posuirían a nacionalidade portorriqueña. E as estruturas de poder do goberno interno de Porto Rico están dominadas hoxe por portorriqueños e non por estadounidenses. De feito, as dúas inmigracións maiores que o propio Estados Unidos permitiu que chegaran a Porto Rico durante o século XX foron a cubana e a dominicana. O censo de 2000 revelou que hai máis dominicanos residindo en Porto Rico que estadounidenses anglosaxóns. É por iso que a incorporación ao federalismo interno de Estados Unidos dunha nación latinoamericana e caribeña como Porto Rico, que reafirmou a súa prefe-

rencia polo idioma español e pola cultura hispánica, significaría que Estados Unidos tería que abrirse á consideración de si mesmo como un estado cun federalismo formalmente multinacional.

Isto é algo que a maioría dos estadounidenses non parecen dispostos a aceptar. Así as cousas, se a libre asociación con soberanía propia ten máis sentido para as realidades culturais, económicas e sociais de Porto Rico e de Estados Unidos, un estado federado para Porto Rico, aínda que apoiado por máis dun 40% dos votantes nos dous referendos máis recentes, sería unha solución ao problema territorial de Porto Rico moi difícil de implantar.

En España, en cambio, a conversión dunha Constitución que xa é case federal a unha plenamente federal, nun ambiente de pleno recoñecemento das diferenzas culturais e lingüísticas das diversas “nacionalidades históricas” e cunha maior autonomía política para cada unha delas sen por iso poñer en risco a unidade do Estado, non só é un escenario posible e máis probable senón quizais o máis desexable (Guibernau, 1995). Máxime cando España avanza, ademais, no seu proceso de integración política e económica na UE, entidade que se atopa comprometida en manter a integridade territorial de todos os seus estados membros.

A discusión actual sobre o status político de Porto Rico e a súa relación cos procesos internacionais

É necesario ofrecer unha explicación dual para a prolongación da subordinación portorriqueña á soberanía estadounidense baixo o arranxo de 1950, a pesar das ambigüidades políticas e das inconveniencias que implica a relación existente.

Dunha parte, está a extrema dependencia económica de boa parte da poboación de Porto Rico nas axudas económicas que prové Estados Unidos. Máis do 50% das familias portorriqueñas viñeron recibindo, desde a década do 1970, axudas económicas directas para subsidiar a súa alimentación, e en moitos, os alugueiros das súas vivendas (Dietz, 2003). Entre 1900 e 1930, Estados Unidos enviaba moi poucos recursos económicos ao goberno interno de Porto Rico, ao que se lle prometera desde a Lei Foraker de 1900 ter o seu propio sistema impositivo, a súa propia autonomía fiscal similar á dun país independente.

A pobreza xeralizada no país e os abusos dos donos absentistas das corporacións azucreiras estadounidenses contribuíron ao auxe do sentimento independentista en Porto Rico nas décadas do 1930 e do 1940. A crise económica da Gran Depresión dos anos trinta do século pasado e o Novo Trato baixo a Presidencia de Franklin Delano Roosevelt, tiveron como consecuencia que comezasen a chegar os programas asistenciais a Porto Rico e que se incluíse aos portorriqueños nas novas leis da seguridade social estadounidense. Coa chegada do modelo do “Estado benestar” a Porto Rico, non só se mitigou a pobreza e se produciron cambios económicos que crearon unha ampla clase media, senón que tamén se

desinchou o movemento independentista⁽⁵⁾. A diminución da loita pola independencia reafirmouse, ademais de polos crecentes recursos económicos chegados á illa desde Estados Unidos para obras de infraestrutura a partir de 1940, pola persecución e represión contra os independentistas e polas concesións autonómicas que lexislou o goberno estadounidense nas décadas do 1940 e do 1950.

Logo de establecido o ELA en 1952, o crecemento económico acelerado que experimentou a economía portorriqueña baixo o modelo de industrialización por investimentos masivos estadounidenses na industria liviá, non só modernizou, urbanizou e transformou aceleradamente a Porto Rico, senón que tivo o efecto político de reducir o movemento independentista a unha mínima expresión, ao mesmo tempo que o movemento político a favor da anexión de Porto Rico como un estado federado da Unión Americana experimentou un ascenso notable. Os resultados do referendo ou plebiscito celebrado en 1993 deron fe da transformación ideolóxica ocorrida no país. Nesa consulta, un 48,6% dos votantes expresou a súa adhesión a unha fórmula de Estado Libre Asociado mellorado ou culminado con maiores poderes autonómicos, o 46,4% apoiou a anexión como estado federado e só un 4,4% votou pola independencia.

Os resultados electorais no referendo de 1993, consulta organizada polo Goberno de Porto Rico sen auspicio nin compromiso previo do Congreso estadounidense, levan á consideración do segundo elemento clave que explica a prolongación do status de subordinación territorial que aínda vive Porto Rico. Trátase do *impasse* provocado polos partidos políticos portorriqueños. O alto liderado do Partido Popular Democrático (PPD), xestor nos anos cincuenta do Estado Libre Asociado, foise convencendo da necesidade de transitar cara un novo arranxo no que o ELA poida gozar do recoñecemento da súa propia soberanía, de modo que o país poida ter poderes políticos e unha presenza propia nos procesos de integración rexional americana.

Baixo o status actual do ELA non soberano e territorial, subordinado á soberanía do Congreso, Porto Rico áchase na difícil situación de non contar cun goberno que vele polos intereses da economía portorriqueña ante a acrecente globalización da economía internacional e ante os procesos de integración rexional americana. O goberno do ELA non pode facelo porque carece de poderes soberanos para actuar no escenario internacional, así como para facer tratados comerciais con outros países da rexión. Por outra banda, o goberno de Estados Unidos, que si ten os poderes e a responsabilidade internacional sobre Porto Rico, non lle asinou prioridade algunha a

(5) As transferencias ou axudas económicas federais ascenderon en 1950 a un total de \$72 millóns, \$9 millóns para o Goberno do ELA e \$63 millóns para cidadáns recipients. En 1999 eran xa nada menos que \$8.315 millóns, dos cales \$2.623 se outorgaron ao Goberno do ELA e \$5.692 foron para cidadáns recipients. As transferencias estadounidenses a Porto Rico foron o 9,5% do PNB de Porto Rico en 1950 e alcanzaron xa o 21,8% do PNB en 1999. Fonte: IRIZARRY MORA, Edwin: *Economía de Porto Rico*, México, Thomson Learning Editores, p226. Un libro que recentemente mostra a crecente oposición xurdida en Estados Unidos contra o enorme gasto que representa Porto Rico para o Goberno Federal de Estados Unidos e para os contribuíntes estadounidenses é o texto de ODISELIDZE, Alexander e LAFFER, Arthur: *Pay to the order of Puerto Rico*, Fairfax, Virginia, Allegiance Press, 2004.

deseñar un novo modelo de desenvolvemento económico para Porto Rico acorde cos retos dos novos tempos. Ao contrario, o goberno estadounidense comezou a reducir algunhas das axudas económicas aos portorriqueños e eliminou os tratos preferentes que anteriormente atraían industrias estadounidenses a Porto Rico, motivados por exencións especiais no pago de impostos en Estados Unidos ás empresas que repatriasen ganancias desde Porto Rico. Iso provocou que moitas fábricas suspendesen operacións para ir gozar de mellores condicións en México, Irlanda, Malaisia, Singapur ou Chile. Outras empresas permaneceron en Porto Rico pero suspenderon os seus plans de expansión no noso país. Todo iso agravou o problema do desemprego crónico na economía portorriqueña que rolda o 15%, sen contar no cálculo quen deixa de buscar emprego e queda fora da forza de traballo (Irizarry Mora, 2001).

Así mesmo, os acordos de libre comercio que Estados Unidos concertou con México, Canadá e con outros países de Centroamérica e do Caribe liquidaron as vantaxes que previamente tiñan os produtos portorriqueños no grande mercado estadounidense. Aínda que estes acordos tamén presentan oportunidades para a economía portorriqueña, nin o goberno de Porto Rico nin o goberno federal lograron deseñar un plan a mediano prazo para aproveitar tales oportunidades.

Ante esta situación, importantes sectores do Partido Popular Democrático inclináronse a favorecer o concepto dun ELA soberano e algúns consideraron incluso o modelo de libre asociación das Illas do Pacífico (Nieves, 2004). Non obstante, outros sectores máis conservadores de dito partido optaron polo inmovilismo político e por intentar promover o desenvolvemento de empresas portorriqueñas, mantendo intacto o arranxo político do ELA subordinado.

Por outra banda, o Partido Nuevo Progresista (PNP) que propugna un estado federado para Porto Rico fracasou en lograr que unha maioría dos portorriqueños avale unha petición nese sentido. Os dirixentes do PNP rexeitan o ELA actual porque o consideran colonial, non aceptan a libre asociación con soberanía propia porque cren que pon en perigo as axudas económicas estadounidenses e a cidadanía americana dos portorriqueños, pero tampouco logran avanzar na promoción do estado federado. Durante a Administración Rosselló (1993-2000), o partido anexionista controlou a Gobernación e tivo maioría ampla en ambas cámaras lexislativas de Porto Rico. Intentaron obter apoio para un estado federado en dous referendos. En 1993, como se dixo, obtiveron o 46,4% do voto total. Nun segundo plebiscito organizado polo PNP en 1998, a maioría dos votantes, desgustados polas definicións das opcións lexisladas polo PNP, votou pola frase “ningunha das anteriores” e o estado federado obtivo en 1998 preto de 60.000 votos menos que en 1993 (Rivera, 2001).

Entre 2001 e 2005, o PPD regresou ao control do goberno de Porto Rico. Non obstante, os seus dirixentes non lograron articular un proceso político que extraía o país do *impasse* entre ambos partidos principais. Nestes momentos, nin o ELA soberano nin a súa evolución cara unha libre asociación como a das Illas do Pacífico parecen ter maioría clara de votos en Porto Rico, pero tampouco hai forza maioritaria para apoiar a anexión a Estados Unidos por vía dun estado fede-

rado. O país áchase dividido case pola metade entre ambas forzas, algo que se reflectiu no resultado mesmo das eleccións de 2004: o autonomista PPD logrou elixir ao gobernador por unha escasa marxe de 3.000 votos e o anexionista PNP logrou elixir ao comisionado residente en Washington e obtivo o control das dúas cámaras da Asemblea Lexislativa portorriqueña.

Na actualidade hai un “gobierno compartido” en Porto Rico que, ata o momento, dá probas de ser máis ben un “gobierno dividido”, sumido en serios problemas de gobernabilidade. O Partido Independentista Portorriqueño (PIP), por outro lado, aínda que tivo un papel importante na loita pola saída da Mariña de Guerra de Estados Unidos da Illa Municipio de Vieques, sufriu un revés electoral en 2004, azorado por un liderado anquilosado e por prácticas internas pouco democráticas.

No 2005, o asunto principal en discusión entre os partidos políticos é o de intentar chegar a un consenso sobre un mecanismo de procedemento para iniciar un proceso de definición do status político de Porto Rico. O anexionista PNP propón un referendo no que o pobo vote a favor de solicitarlle ao Congreso estadounidense que propicie un proceso para que Porto Rico poda seleccionar entre opcións non coloniais e non territoriais. O mecanismo de facerlle peticións ao Congreso fracasou anteriormente xa que o Congreso non logrou aprobar un referendo federal para 1991 nin tampouco aprobou o Proxecto Young de 1998. Como consecuencia, o goberno de Porto Rico, dominado entón polo PNP, celebrou as consultas políticas de 1993 y 1998 cos resultados anteditos: unha situación nivelada entre as forzas anexionistas e as forzas que apoian unha maior autonomía para Porto Rico ou incluso o recoñecemento da súa soberanía nacional.

O PPD propón en cambio un referendo no que os portorriqueños escollan entre o procedemento que propón o PNP de facerlle unha petición ao Congreso para que provea algún mecanismo de procedemento para resolver o problema, e un procedemento alterno apoiado polo PPD, polos independentistas e por amplos grupos non partidistas da sociedade civil: a celebración dunha Asemblea Constitucional, convocada polo propio pobo de Porto Rico, a fin de traballar sobre o tema e negociar co Congreso estadounidense un novo arranxo político. Os forcexos partidistas entre o gobernador do PPD e a lexislatura controlada polo PNP ameazan cun novo “atranque” ou *impasse* que deixaría inmóbil a cuestión da condición política nacional de Porto Rico. Por iso, cada vez máis cidadáns cobran coincidencia de que a sociedade civil portorriqueña debe asumir un maior papel neste asunto en lugar de deixar que continúe o monopolio dos partidos sobre a discusión en torno ao status político de Porto Rico (El Nuevo Día, 2005).

Mentres tanto, a situación económica vai en deterioro ao igual que a calidade de vida dos portorriqueños e Porto Rico segue sendo o único país de América que non ten un goberno que deseñe e execute un plano económico para facer fronte aos retos da globalización e dos procesos de integración rexional. Se mantén así en Porto Rico, como propón o venezolano Sergio Rodríguez Gelfenstein, un caso insólito de colonialismo estadounidense en pleno século XXI, que ten como consecuencia que o noso

país permaneza illado dos procesos de integración económica rexionais que se dan en América e incapaz de afrontar os retos e oportunidades dos tempos da globalización. (Rodríguez Gelfenstein, 2003).

Ángel Israel Rivera Ortiz é catedrático no Departamento de Ciencia Política da Facultade de Ciencias Sociais do Recinto de Río Piedras da Universidade de Porto Rico e director de Educación Política da Fundación Acción Democrática Puertorriqueña (ADP).

Bibliografía

- Asamblea General, Organización de Naciones Unidas, *Res 1541 (XV)*, 1960, *Res 2526 (XXV)*, 1970, *Res 748 (VIII)*, 1953.
- DIETZ, James L.: *Puerto Rico: Negotiating Development and Change*, Lynne Rienner Publishers, Boulder, Colorado, EEUU e Londres, 2003.
- DUPREY SALGADO, Néstor: *Crónica de una Guerra anunciada*, Editorial Cultural, San Juan, 2002.
- EL Nuevo Día, Diario publicado en San Juan, Puerto Rico, 1 ao 14 de abril de 2005.
- FERNÁNDEZ, Ronald: *La isla desencantada: Puerto Rico y Estados Unidos en el siglo veinte*, Editorial Cultural, 1996.
- GAGNON, A.G.: *The political uses of federalism*, en BURGESS, M. e GAGNON, A.G.: *Comparative Federalism and Federation*, Harvester Wheatsheaf, Londres, 1993.
- GARCÍA OCHOA, María A.: *La política española en Puerto Rico en el siglo XIX*, Editorial de la Universidad de Puerto Rico, San Juan, 1984.
- GUIBERNAU, Montserrat: *Spain: A federation in the Making?*, en GRAHAM SMITH, comp: *Federalism: The Multiethnic Challenge*, Longman Publishers, Londres e Nueva York, 1995, pp239-254.
- HUNTINGTON, Samuel P.: *¿Quiénes somos?: Los desafíos a la identidad nacional estadounidense*, Paidós, Barcelona, Buenos Aires, México, 2004.
- IRIZARRY MORA, Edwin: *Economía de Puerto Rico*, Thomson Learning, México, 2001.
- NIEVES PÉREZ, Ramón Luís: *Estado Libre Asociado del Siglo XXI*, Editorial Cultural, San Juan, 2004.
- ODISELIDZE, Alexander e LAFFER, Arthur: *Pay to the order of Puerto Rico*, Allegiance Press, Fairfax, Virginia, EEUU, 2004.
- PI AYANZ, Fernando: *La paz federal: Una alternativa al independentismo*, Castuera, Navarra, España, 1999.
- RAMOS DE SANTIAGO, Carmen: *El gobierno de Puerto Rico*, Editorial de la Universidad de Puerto Rico, San Juan, 1984.
- RIVERA ORTIZ, Ángel Israel: *Poder social versus poder electoral en la autodeterminación nacional de Puerto Rico*, Ediciones Nueva Aurora, San Juan, 2001.
- RODRÍGUEZ GUELFENSTEIN, Sergio: *Puerto Rico: Un caso de colonialismo en un mundo global*, Benemérita Universidad Autónoma de Puebla, Puebla, México, 2003.
- TRÍAS MONGE, José: *Puerto Rico: The Trials of the Oldest Colony in the World*, Yale University Press, New Haven, Conn. e Londres, 1997.